

SALDOIRA

2015/16

IES MARTAGUISELA



Equipo de dinamización lingüística

Dálle gas ao teu futuro!



Dereitos humanos

Poesía en cápsulas efervescentes

INDICACIÓNS: Falta de inspiración, agitación e tensión, reumatismo de inflamación. Alivio instantáneo da tosse en caso de día gris.

Contraindicacións: Embarazo e lactancia. Insuficiencia cardíaca grave. Insuficiencia renal severa.

Dose e modo de administración: As doses indicadas a continuación son orientativas.

Dose adulta: En adultos adultos: 1 poesía ao día. En caso de crise ácida poderían sumarse a 2 durante o tempo que a liberos considere conveniente e posteriormente administrar 1 noite antes do día.

Dose infantil: 3 poesías ao día cada 8 horas durante 1 mes. Para efectos rápidos: 1 poesía dúas veces durante 1 ano.



Precaucións: Evitar o consumo a dose prescrita polo fabricante. En caso de intoxicación acudirse por inmediatez a un médico para a valoración e tratamento.

Precaucións especiais de conservación: Ao levar con Aconsellar non manipular o folio en branco.

Título e fabricante: Adaptación de artigos de biblioteca sobre tosto de Cecilia Medina. www.escribiagalicia.es

Poesía en cápsulas. Via oral.
Nova presentación en follas soitas.
Fórmula por cápsula: Principio Activo: Poesía pura 5 mg.
Excipientes: Verbos, artigos, adxectivos e conxuncións.
Forma farmacéutica: folio de cores M.
Actividade: Poetizar realidades diversas.

Un Poema cada día



INDICE

XUÑO 2016

3 Carta do Equipo directivo e do Equipo de Dinamización Lingüística

4 Viaxes a Andorra e Burgos

5 Itinerario literario / Excursión a Ponferrada

6 A maxia de Berlín!!

7 Sendeirismo en Cangas de Onís / Viaxe a Cantabria

8-9 Letras Galegas 2016

10 Xentes de ningún lugar / Refuxiados

11-14 Profesorado e alumnado do IES Martaguisela

15 Unha neurobióloga moi especial: Mara Dierssen

16 Christian Escuredo

17 Graciñas polo vivido xuntos / A miña gran aventura

18 Leticia Costas / Dous refuxiados no Grupo de teatro

19 Club de lectura / Contacontos con Raquel

Queizás

20 Tempus Fugit / Exposición de invertebrados

21 Adeus "Diver"!!

22 Quen se agocha aquí??

Carta da dirección

Equipo Directivo do IES Martaguisela

Estamos na recta final do curso 2015-2016. Foi este un ano especial, no que se implantou una nova Lei, a famosa LOMCE, chea de sorpresas e imprevistos, á que tivemos que ir adaptando os obxectivos, as programacións, as actividades ou a oferta educativa, sen perder a identidade do noso Centro.

O IES Martaguisela foise adaptando aos cambios de leis e normativas intentando aproveitar estes xiros no camiño para mellorar a súa calidade educativa e, na medida do posible, a súa oferta de materias, actividades e programas. Por iso, tratamos sempre de facer máis grande o noso abano de materias optativas, tratando sempre de axustala á demanda do noso alumnado. Así, por exemplo, este curso que está a punto de rematar impartimos materias, algunhas novas, como Antropoloxía, Anatomía aplicada, Portugués ou Técnicas de laboratorio. Para o vindeiro curso, ampliaremos a oferta con novas optativas.

Como centro referente de ensinanzas de Bacharelato na comarca de Valdeorras, vimos impartindo o Bachare-

lato semipresencial para persoas adultas dende fai cinco anos e coa entrada en vigor da LOMCE conseguimos a autorización para impartir o Bacharelato de Artes a partir do vindeiro curso 2016-2017. Demos este paso adiante co fin de ofrecer unha alternativa nova para o alumnado que ten interese por continuar con estudos de Música, iniciados a maioría das veces no Conservatorio, así como aqueles que encamiñan a súa vocación cara ao debuxo, o deseño, ou os medios audiovisuais.

Este novo Bacharelato abre camiño a graos novos como Artes escénicas, cine e audiovisuais, Artes visuais e danza, Creación musical, Creación e deseño, Deseño de interiores, Deseño de modas, Deseño dixital, e moitos outros, que cada vez son máis demandados polo alumnado cando remata os estudos no instituto.

Esperamos que este novo Bacharelato en Artes, que agora nace, abra moitas portas ao alumnado da nosa comarca. Porque como di o lema da nosa *Saldoira 2015-2016* "queremos darlle gas ao teu futuro".

"Só en galego se pode comprender e posuír a total plenitude desta terra" (Manuel María)

Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Unha portada chea de cores e de ilusión para rematar un curso intenso e difícil, con moitos cambios e novidades. Pero de todo se aprende, e xuntos conseguimos superar os atrancos da LOMCE e xuntos, tamén, un ano máis, levamos a cabo iniciativas para impulsar a nosa lingua.

Foi este un curso moi especial tamén polo noso querido Manuel María, ao que se lle dedicaron as Letras Galegas. Un 2015-2016 que non esqueceremos tampouco porque toda Europa tivo (e ten) que facer fronte á chegada de persoas que foxen da guerra. Deles quixemos facernos eco na obra de teatro *Soños*, representada polo grupo de teatro do IES Martaguisela. Foi emocionante ver ao noso alumnado representando papeis cun forte compoñente social e aínda máis emotivo foi observar aos

seus compañeiros no público, cos ollos e os oídos ben abertos, en silencio total, deixándose arrastrar pola emoción.

Foron moitas as actividades que levamos a cabo con ilusión, intentando implicar a todo o alumnado. Todas elas teñen cabida na revista *Saldoira*, aínda que seguro que algunha esqueceremos...

Ánimo para continuar no traballo pola lingua. Estamos a labrar en terra fértil. Quizais os resultados non sexan inmediatos, pero veremos medrar os froitos moi pronto. Coidar a lingua propia é vital porque, como nos recorda Manuel María "a fala é comuñón e sentimento, historia compartida intimamente, sufrimento de todos, amor de cada un e tamén amor de todo o pobo [...] que fai que os nosos corazóns latexen xuntos" (*Versos para un país de minifundios*, 1969).

Andorra 2016

Unha semana de esquí

Juan Mauricio Cuéllar (3.º ESO A)



O sábado 16 de xaneiro a media noite estabamos no instituto coas maletas agardando o autobús e á xente que faltaba.

Ao montar coñecemos aos nosos choferes que nos acompañarían durante toda a excursión. En Burgos cambiamos de condutor. O que nos acompañou foi moi amable.

O domingo ao mediodía por fin chegamos a Andorra. Antes de ir para o hotel fomos a un centro comercial para comer algo e coñecer un pouco do lugar.

No hotel fixemos o reparto de cuartos (algo que nos interesa sempre moito) e logo de nos instalar fomos alugar o material para esquiar. Esa noite pasámolo moi ben no hotel. Pero eu

púxenme moi mal... Tiña febre e alucinacións... Grazas ao profesorado e aos amigos que me axudaron, ao día seguinte xa estaba recuperado para esquiar.

Ao día seguinte, ben cedo, ás oito menos cuarto, xa estabamos todos listos no comedor para almorzar ben porque nos agardaba unha xornada intensa. Estabamos ansiosos por chegar á estación de esquí e probar a neve. Alí dividíronnos en tres grupos: iniciación, avanzados e expertos. Por fin comezaba a verdadeira aventura.

Todas as mañás as dedicabamos a esquiar. Pola tarde podíamos ir de compras e de paseo.

O xoves, logo do esquí, fomos a Caldea, que é un balneario moi coñecido que ofrece unha ampla gama de augas termais. Alí estivemos tres horas pasándoo xenial!!!

A verdade é que cando chegou o noso último día en Andorra ninguén quería marchar...

O último día saímos do hotel deixando xa todo listo para non regresar aos cuartos. Ese día ceamos libremente e despois subimos a un bus que nos levaría de regreso a casa. Pouco tardamos en quedar durmidos, xa que estabamos moi cansos. Incluso tiñamos certas ganas de chegar á casa, porque unha semana tan intensa case nos deixou sen forzas.

Recordaremos sempre esta excursión polos seus momentos inesquecibles: caídas, cancións, sustos. Todos os momentos quedarán gardados na nosa retina. Son dúas as palabras que a definen: maravillosa e increíble. Queremos repetir a experiencia!!!

Burgos e Atapuerca: na procura dos nosos antepasados

Carla Trincado e Andrea García (1.º BACH B)



Este curso fomos de excursión a Burgos para visitar a cidade e, sobre todo, para coñecer mellor os nosos antepasados. Para isto, o primeiro que fixemos foi asistir a unha visita guiada polo Museo da Evolución.

Alí explicáronnos a historia desde os primeiros primates ata chegar a nós. Foi unha explicación moi amena, na que se empregaron numerosas ilustracións, vídeos e, o mellor de todo, ósos

atopados nesa mesma zona.

O cansazo da tarde desapareceu cando pola noite nos deixaron ver a cidade pola nosa conta. E mereceu a pena.

Á mañá seguinte tiñamos organizada unha visita a Atapuerca, onde puidemos ver en primeira persoa todo o traballo realizado polos arqueólogos, coa gran sorte de que quen nos explicou todo foi o xefe da escavación.

Ademais de Atapuerca, o máis



entretido da excursión foi o Parque arqueolóxico. Alí non só puidemos ver o modo de vida dos nosos antepasados, senón que tamén fomos quen de poder realizar actividades relacionadas con aspectos da súa vida cotiá: caza, prendas de vestir, o fogo ou a construción de ferramentas.

Xa no bus de camiño á casa, só queríamos dar a volta para quedarnos en Burgos!!

Itinerario literario: Manuel María e Álvaro Cunqueiro

Ana Benilde Rosa Santos/Rocío Manzano Marín/Marta Rodríguez Afonso/Margarete Ribeiro Costa (4.º ESO A)

Os alumnos de 4.º da ESO, visitamos o día 4 de abril a casa do escritor Manuel María, a quen se lle dedicou este ano as letras galegas. Alí descubrimos cousas moi curiosas sobre o escritor como que tiña un cancionero dedicado a Valdeorras.

Puidemos ver o seu cuarto, o seu despacho e a súa biblioteca completa que ten aproximadamente uns 12000 libros, todos eles lidos polo escritor.

Despois visitamos a catedral de Mondoñedo onde o noso guía nos contou cousas moi interesantes sobre ela, como que alí está

enterrado o mariscal Pardo de Cela ou que a igrexa estaba reconstruída. Tamén nos explicou algunhas curiosidades da catedral.

Ao saír da catedral fomos ata a Ponte do Pasatempo onde entretiveran a muller de Pardo de Cela para que o perdón da raíña non chegara a tempo.

Xa cara as tres e media leváronnos ata o centro comercial "As Termas" onde cada quen se dedicou a pasar a tarde como mellor puido, iso si, sempre acompañados da choiva. Cara as seis e media collemos o autobús que nos trouxo de regreso ao Barco.



Na ponte do Pasatempo



Coa estatua de Álvaro Cunqueiro



Na casa de Manuel María

Os nosos choupíns triunfan en Ponferrada!!!

Amparo Laura Rodríguez González (2.º ESO B)

Por fin chegou o día!! Os choupíns que tanto esforzo, traballo e tempo nos custaran obtiveron o seu merecido: o alumnado de 2.º ESO gañamos o segundo premio do concurso das *XX Jornadas Micológicas del Bierzo*, organizado pola Asociación micolóxica Cantharellus.

Todo comezou cando a "profe de Natu" nos dixo que había un concurso de cogomelos e que nós podíamos facer grandes deseños. E con esa motivación todos nos puxemos mans á obra. Gañásemos ou non, o noso gran premio era que nos levaban a Ponferrada de compras e iso soaba xenial!!!

Coñecendo tal recompensa, os nosos choupíns quedaron auténticos: uns xogaban un partido de baloncesto, recollendo cogomelos nunha cesta, feitas de espuma... En definitiva, saíron das nosas mentes ideas xeniais, e así foi como conseguimos o segundo

premio!! Cando nolo dixeron puxémonos a berrar e a cantar coma tolos. O noso tiña un gran mérito. Pero sen dúbida o que máis nos gustou foi aquel venres trece, cando collemos o autobús dispostos a pasalo xenial.

Chegamos á "gran cidade", Ponferrada, e fomos ver os traballos que se presentaban na exposición. Temos que dicir que os había moi orixinais. Por exemplo, un móbil de Youtube con cogomelos!!

Tamén nos explicaron cada grupo de cogomelos e ó acabar fomos ó Centro Comercial El Rosal. Alí si que o pasamos xenial.

Máis tarde fomos á Cidade da Enerxía e a todos se nos fixo moi ameno. Encantáronnos as prácticas do obradoiro.

Finalmente, todos orgullosos, fomos recoller o noso premio e cun sorriso de orella a orella regresamos á nosa casa cantando CHAMPIÑÓNS, CHAMPIÑÓNS....!!!



A maxia de Berlín!!

Saúl Vega Chimeno (2.º BACH A)

Era 11 de marzo. Parecía ser un día coma outro calquera, un venres máis. Pero non era así. Dende que se propuxera facer a excursión a Berlín, contabamos os días para que chegase o gran momento: e xa estaba aquí.

Comezamos a viaxe nun autobús que saía dende o instituto con aproximadamente vinte alumnos e alumnas e tres profesoras: Milagros de Inglés, Victoria de Latín e Carla a profesora nativa americana (de Nuevo México). Alí estabamos todos, camiño de Porto, onde colleríamos o avión que nos levaría á capital alemá.

A nosa aventura comezou xusto no momento no que puxemos os pés na terra e dixemos: "Xa estamos aquí, Berlín!". Eran preto das oito da tarde e a verdade é que facía fresquiño (non tanto como pensabamos, aguantábase ben).

Tiñamos que coller un autobús e, como non sabiamos moi ben, metémonos todos á présa nun deles. O condutor parecía que non se daba conta, pero alí a maioría da xente pasou gratis...

Despois de coller o metro e de parar en Hallesches Tor, camiñamos un anaco observando o barrio ata chegar ao noso hotel que, por certo, estaba moi ben.

Logo de instalármonos saímos para cear e de camiño alguén se deu conta de que os semáforos para peóns eran granxeiros e Victoria explicounos que nesa parte de Berlín eran así e na outra parte, en cambio, eran igual que os nosos. Esa noite ceamos nun local no que había comidas de diferentes lugares, comezando polas famosas salchichas xermanas, pizzas italianas (ben baratas, por certo) ou kebabs. Con tanta comida, quedamos ben fartos.

Á mañá seguinte, despois de almorzar, fomos pola cidade dirección ao Parlamento, á cúpula do Reichstag, dende onde podiamos observar unhas vistas fantásticas da cidade. Esa mesma tarde, despois de xantar, quedamos na Porta de Brandenburgo xa que dende alí comezaríamos unha visita guiada. Para iso, tiñamos que facer grupos pequenos para que nos saíra gratis. Ademais, tiñamos que facer que non nos coñeciamos entre nós, cousa que resultou moi difícil, porque unha vez cruzámonos e unha compañeira berrounos para saudarnos. Nós decatámonos e fixemos como se

non pasase nada. Tivemos moita sorte de que non nos pillasen!! Esta visita gozámola todos moito xa que foi moi entretida e fascinante. Xa moi cansos logo dun día tan intenso, ceamos e marchamos para o hotel a descansar para repoñer forzas.

O día seguinte tomámolo con máis calma. Collemos o metro, como de costume, e fomos a un museo interactivo moi entretido. Dicimos "entretido" porque pasamos a maioría do tempo nun coche que alí había e que se podía conducir. Pero o que máis nos gustou foi que ao saír todos compramos unhas riquísimas salchichas que un home estaba a cociñar nunha grella alí mesmo na rúa.

Ese mesmo día para ir a comer collemos un

bus e na parte de arriba do mesmo, coa axuda de Carla, demos un concerto cantando "Mi gran noche" de Rafael. A xente quedaba abraiada, como non podía ser doutro xeito tendo en conta o carácter dos arios...

Esa mesma tarde, logo de pasar moita vergoña nun restaurante porque pensaban que íamos marchar sen pagar, visitamos unha igrexa moi moderna na que había un órgano enorme. Pero o máis importante dese día foi a visita á tan desexada East Side Gallery: o famoso muro. Cremos que non nos quedou nin un só recuncho que fotografar. Ata nunha das pintadas poñía IES Martaguisela 2015. Pero o que nos decepcionou foi que estivese todo cheo de valos, que impedían que nos achegáramos ben. Pero nada nos impediu que fixeramos centos de fotos, sobre todo á famosa pintada do bico. Algunhas foron incluso con bico de verdade!!

Pola noite fomos crear coas nosas profesoras e despois coñecemos a uns mozos de Tréveris (Alemaña) que, coma nós, tamén estaban de excursión. O máis sorprendente era que nos entendiamos: cousa rara, pero certa.

Por última vez soou o espertador en Berlín. Ese día saíra o sol. Tocaba coller o metro, como non, e chegar ata Kurfürstendamm onde quedaríamos despois para xantar. Saímos todos con Carla e despois de toda a mañá chegamos a unha tenda na que só había roupa dos oitenta e dos noventa. O certo é que levamos unha decepción coa tenda, tan só algunhas compañeiras fixeron compras e gozaron coma nenas.

Ao saír da tenda aveciñábanse problemas. Iamos chegar tarde e non lembrabamos a parada á que había que ir. Ao final, collemos a dirección equivocada, pero finalmente, despois de subir e baixar un montón de veces dos vagóns, chegamos ao noso destino. Pola tarde, rematamos de facer as nosas compras e, moi moi tristes, marchamos ao hotel para recoller a equipaxe.

Cando chegamos ao aeroporto Milagros comezou a dicir: "Non podemos marchar porque se me esqueceron os pasaportes no hotel e non nos dá tempo de coller o voo". Efectivamente se iso era así non nos daba tempo de chegar ao avión, pero algúns estaban contentos porque non queriamos marchar desta maravilhosa cidade. A felicidade durou pouco porque só era unha broma... Logo de esperar no aeroporto embarcamos dirección Porto para coller despois un bus que nos levaría á casa.

Foi unha excursión memorable. Digna de 2.º de Bacharelato. Foron moitas as anécdotas no tempo de espera no metro, dando concertos e facendo a garza ou caídas... Nunca esqueceremos os monumentos que puideron ver os nosos ollos, os compañeiros e as profesoras facendo todos unha piña. Nunca se borrarán do noso recordo. Grazas por todo!!



Cangas de Onís: neve, natureza e sendeirismo

Eva Piay Fernández (1.º BACH A)

Os días 31 de marzo e 1 de abril o alumnado de 1.º de Bacharelato A fomos de excursión a Cangas de Onís, aínda que a piques estivo de suspenderse polo mal tempo que se prevía.

Durante o traxecto de autobús caeu unha nevarada das que meten medo, e case chegando a Asturias chamou por teléfono a empresa que organizaba o descenso do río Sella en *rafting* para comunicarnos que non sería posible baixar o río, xa que subira demasiado polas choivas. En lugar diso, levaríannos de expedición por unhas covas. Decepcionounos un pouco, pero acabamos pasándoo ben nas covas, arrastrándonos polo barro entre estalactitas e estalagmitas, cinco metros baixo terra. Ese día volvemos ao hotel sobre as sete da tarde, e deixáronnos libres ata a hora de cear. A maioría aproveitou para ir dar unha volta ou quedar durmindo a sesta.

Ceamos no hotel e logo saímos cos profesores de "festa". Leváronnos a unhas cantas sidrerías onde vimos como se es-canciaba a sidra, e algún incluso aprendeu. Acabamos nunha discoteca onde bailamos con Óscar e Fernando ata as dúas da mañá. Como chegamos esgotados, só quedamos espertos ata as seis da mañá.

Ao día seguinte, ou unhas horas despois, xa estábamos almorzando forte para afrontar o segundo día. Quedábanos por diante vinte e dous quilómetros de ruta pola garganta do Cares. Ao final fixo un día moi bo e puidemos gozar da

paisaxe. Nalgúns puntos do camiño había uns barrancos tan verticais que fallaban as pernas só de pensar neles, pero logo nos acostumamos ás alturas. Había cabras que nos miraban máis tranquilas ca nós a elas, e os once quilómetros de ida fixéronse bastante curtos. Ao chegar a Cain comemos no restaurante para repor forzas e despois de xantar desandamos o camiño

De volta ao Barco case non podíamos mover as pernas!!



Retrocedendo no tempo: Cantabria 2016

Alumnado de 3.º Eso A

Os días 13, 14 e 15 de marzo marchamos de excursión!!! Os profes Isaac e Fernando organizaron unha viaxe a Cantabria e Asturias. A viaxe de ida foi tranquila, iamos medio durmidos. Nin tan sequera cantamos.

Despois de varias horas, por fin chegamos ao río Sella, onde iamos facer kayak ou espeleoloxía, dependía dos gustos de cada un de nós.

Estabamos moi ilusionados por esta nova aventura. Pero iso foi só ao comezo... Moi pronto empezaron as caídas na auga ben fría e o cansazo començaba a notarse. Acabamos todos coma bloques de xeo, menos mal que ninguén de nós se puxo enfermo.

De aí marchamos ao noso hotel en Santander. Mellor non contamos o que pasou pola noite. Iso é un segredo que ten que quedar só entre nós.

Á mañá seguinte fomos visitar a fábrica de Solvay. Non estivo mal, pero a charla que nos deron non foi moi amena. Pero non todo foron cousas malas: tiveron a xentileza de darnos un "picoteo" que nos sentou de marabilla para continuar a xornada e un diccionario de Química para o instituto.

Da química de Solvay fomos á natureza salvaxe de Cabárceno. Quitando o que tivemos que camiñar, deste parque natural gustounos absolutamente todo. Encantounos o espectáculo dos leóns

mariños e tamén os rinocerontes. Incluso houbo un mono que quixo atacarnos, debíamolle caer un pouco mal...

De Cabárceno volvemos ao hotel para cear e despois fomos dar unha volta polo paseo marítimo de Santander.

Ao día seguinte visitamos Santillana del Mar: alí uns visitamos o Museo da Tortura e somerxémonos no mundo da Inquisición. Outros estivemos paseando pola vila.

Ese mesmo día, pola tarde, fomos visitar a Neocova de Altamira: quedamos sen palabras. Levabamos toda unha vida vendo as pinturas rupestres nas páxinas dos nosos libros, e telas alí diante deixounos petrificados. Aínda que fose unha reprodución, a cova está moi lograda. Tamén tivemos a oportunidade de ver a entrada da cova orixinal.

Pero despois de retroceder no tempo miles de anos... fomos almorzar a un centro comercial!!! Tremendo salto no tempo!!!

Despois dunha hamburguesa, retomamos a viaxe de volta, facendo unha parada en



León. O regreso foi máis animado. Cantamos, puxémoslles a cabeza tola a Fernando e a Isaac...

Chegamos ao Barco sobre as nove e media, despois de tres días de aventuras lonxe da casa!!!



LETRAS GALEGAS 2016

Versos e cores para Manuel María

Equipo de Dinamización da Lingua Galega



Na entrega dos Premios outorgados polo Centro Comercial Aberto



Daniel Rodríguez Bertuce, Daniel Fernando Soares Carvalho, Luís Blanco Rodríguez, Ezequiel González González e Jean Pierre Calle Ramírez, alumnos de 3.º de ESO do IES Martaguisela, recollendo o diploma de finalistas no Concurso de videopoemas sobre Manuel María e a súa obra convocado polo Concello do Barco de Valdeorras co gallo do Día das Letras de 2016. Parabéns e moitas grazas pola vosa participación!

Chegaba o Día das Letras Galegas e este ano era especial. O homenaxeado era Manuel María: poeta admirado por todos, querido pola súa literatura e polo seu xeito de ser.

Para facerlle a festa que merecía, os Equipos de Dinamización da Lingua Galega de todos os centros públicos de Valdeorras unimos esforzos. A nós sumouse o Centro Comercial Aberto do Barco de Valdeorras, ao que lle queremos agradecer o apoio recibido.

Estaba claro: este ano tiñamos que superar o éxito da edición pasada. Que facemos?, preguntámonos. En primeiro lugar, deseñamos un concurso dirixido non só ao noso alumnado, senón tamén a toda a cidadanía do Barco de Valdeorras. O título sería NA PROCURA DE MANUEL MARÍA e ía consistir nunha procura de versos polos escaparates dos comercios da nosa vila. Sería o noso alumnado o encargado de decorar teas cos versos do poema "A fala". Eses versos irían aos escaparates e a xente tería que selar nun díptico o verso correspondente a cada tenda na que entrase.

Foi un éxito. Ao día seguinte de se difundir esta iniciativa podíanse ver polas rúas da vila a pequenos e grandes co díptico na procura dos versos. Estabamos marabillados!!!

Pero tiñamos unha débeda pendente co noso Paseo do Malecón: a rúa pola que os nenos xogan, os maiores pasean e todos e todas gozamos do noso río Sil. Así que había que decoralo, para que estivese ben bonito de cara ás festas de Santa Rita.

Este ano tocaba decorar grandes teas de cores con versos de Manuel María. Así que durante semanas estivemos en cada colexio e instituto pintando, recortando e pegando, do xeito máis orixinal que se nos ocorria. O resultado foi un enorme tendal de cores cos fantásticos versos do poeta estampados.

Os nenos e nenas, os avós e as avoas, as mamás e os papás buscaban as teas que decoraran os seus pequenos e ao mesmo tempo gozaban da poesía de Manuel María. Logramos unha vez máis facer a gran Festa das Letras, a gran festa que Manuel María merecía.



LETRAS GALEGAS 2016

Manuel María e Valdeorras

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO IES
MARTAGUISELA

De todos e todas é coñecida a vinculación de Manuel María (Letras Galegas 2016) coa Terra Chá, pero iso non quita que o noso poeta non amase e cantase as terras de toda Galicia. Valdeorras ten a sorte de contar cun poemario publicado pola Agrupación Cultural Lumieira de Carballo de Bergantiños, no ano 2003, que leva o título de *Cancioneiriño de Valdeorras*. O autor deste libro de poemas é M. Outeiro Hortas, pseudónimo de Manuel María.

En *Cancioneiriño de Valdeorras* hai versos dedicados ao Sil:

*“O noso Sil cando chega
dende o reino de León:
japrende a fala galega
na que di a súa canción!”*

Tamén, hai poemas dedicados aos montes, ás feiras, aos viños, ás romarías da comarca, á vila do Barco, á Florencio Delgado Gurriarán... e á muller valdeorresa:

*“¡Quen poidera namorarte
e terte por compañeira!”*

E, é que, sen dúbida, o poeta da Terra Chá coñecía e amaba Valdeorras

M. Outeiro Hortas

CANCIONEIRIÑO
DE VALDEORRAS



AGRUPACIÓN CULTURAL LUMIEIRA
CARBALLO DE BERGANTIÑOS



Xente de ningún lugar

Manuel Conde Ferraz (2.º ESO A)



O sábado día 2 de abril, no Edificio Multiusos do Barco de Valdeorras, Eva Campés Molina, enfermeira de Médicos do Mundo, contounos a súa experiencia no campo de refuxiados de Idomeni.

A procura dun futuro sen guerra comeza nos lugares con conflitos: Irán, Irak, Afganistán, Siria. As persoas afectadas teñen en mente un mesmo obxectivo: Europa. Para acadar o seu destino pasan por moitos territorios. Un país de paso é Turquía. O tránsito por esta nación é difícil debido á súa orografía. Mulleres, nenos, anciáns... camiñan todos cun rumbo: chegar ata a costa para embarcar cara Grecia.

A mafias aproveítanse da desesperación dos refuxiados, cobrando cantidades astronómicas de diñeiro e sen ofrecer ningunha garantía. Os barcos non son seguros e neles superan sempre a cantidade de persoas que podería subir en condicións normais, poñendo así en risco a súa vida. Nas costas levan uns chalecos salvavidas ridículos (a conferenciante ensinóunos) e se alguén se bota atrás na súa decisión e non quere subir, as mafias non dubidan en empregar a forza.

Na barca non se pode portar equipaxe porque resta espazo para as persoas. Conta Eva Campés que uns pais con tres fillos, dous deles con parálise cerebral, viron como se desfacían das súas cadeiras de rodas.

Logo de tres ou catro horas de angustiada travesía, chegan por fin á costa grega: mollados, cansos, asustados. Eva Campés quería que palpásemos ese momento, e ao describilo non puido conter as bágoas. Non hai palabras para relatar o peor e o mellor da realidade humana.

Cando os refuxiados chegan a Grecia teñen que anotarse nunha listaxe. Se son de Pakistán ou de Afganistán non teñen dereito a solicitar asilo. Os que si teñen ese dereito van a un campo de refuxiados e deben agardar alí ata poder continuar a súa viaxe.

Á pregunta “¿A que vindes a Europa?” os refuxiados responden: “Para vivir en paz e poder ir á escola”.

En caso de persecución calquera persoa ten dereito a buscar asilo. Ser refuxiado non é ser ilegal. A resposta de Europa son as concertinas e un vergoñento pacto con Turquía.

Refuxiados

Houssan Bentabbaia (2.º ESO B)



Os refuxiados son persoas que marchan do seu país por motivos bélicos. Neste caso son sirios, xa que o están pasando moi mal no seu país e intentan fuxir a lugares máis próximos onde poidan estar a salvo. Pero os países europeos péchanlles as portas.

Dos que lograron entrar, poucos recibiron atención médica, asilo, boas condicións de vida. Estano a pasar realmente mal. Non vos podeades imaxinar o que se sente sendo un refuxiado. Foxes do teu fogar porque a túa vida corre perigo e cando escapas podes morrer de fame. Incluso a policía emprega a violencia para evitar que entres no seu país.

Por experiencia propia sei o que é abandonar o teu fogar e o país no que naciches. É moi duro deixar atrás aos teus amigos, a túa casa, o teu colexio. Deixar atrás todas as cousas valiosas da túa vida, os recordos, bos ou malos...

Paréceme desprezable que a xente non se solidarice e non achegue a súa axuda. Se fose por min acollería a unha familia refuxiada. Non me gusta que os europeos os tiren como se fosen cabichas. Son persoas e teñen os mesmos dereitos que todos nós. Ata onde vai chegar a deshumanización da nosa sociedade?









Mara Dierssen: "O cerebro constrúese en interacción co seu entorno"

Manuel Conde Ferraz (2.º ESO A)

O día 24 de febreiro de 2016, no Edificio Multiusos do Concello do Barco de Valdeorras, a doutora e investigadora Mara Dierssen Soto ofreceu unha interesantísima conferencia titulada "Neurobioloxía da aprendizaxe. Aplicacións na educación".

A conferencia estaba organizada pola asociación valdeorresa Vagalume dentro dos XV *Encontros Familia-Escola*. Alí acudimos arredor de vinte alumnos e alumnas de segundo de ESO do IES Martaguisela, animados pola profesora de Lingua castelá e Literatura.

A charla foi moi interesante, instrutiva e entretida. Foron moitas as ideas interesantes que escoitamos. Por exemplo, que o sistema educativo que temos no noso país segue un modelo de factoría, onde se estandariza ao alumno e non se teñen en conta as diferenzas.

A LOMCE aprobouse sen ter en conta as opinións do profesorado, dos educadores ou dos especialistas en neurobioloxía da aprendizaxe, por exemplo. En opinión de Mara Dierssen o profesorado desempeña un papel crucial na sociedade posto que ten que se encargar da formación dos homes e mulleres do futuro.

A doutora tamén nos explicou que a creatividade nos adolescentes está no seu máximo potencial e, citando a Albert Einstein, dixo que "a creatividade é a intelixencia pasándoo ben".



Por outra banda, Dierssen remarcou que a ansiedade provoca que o cerebro non se active ben ao realizar unha tarefa. E unha das ideas que máis chamou a nosa atención é a de que existen estudos que demostran que as mulleres son mellores nas Matemáticas, que os modelos de conduta positiva axúdannos a actuar correctamente, que o cerebro se adapta e que teríamos que probar a comer a escuras ou ducharnos cos oídos tapados para obrigar ao noso cerebro a percibir sensacións diferentes das que está acostumado. E é que o noso cerebro vaise construíndo en función do que o rodea.

Entrevista a Mara Dierssen

Laura Rodríguez e Noelia Martínez (2.º ESO B)

Mara Dierssen rompe os esquemas en canto chega á sala. Viste pantalóns vaqueiros e unha camiseta de carapucha negra cun emblema de música heavy. Ten media melena negra e uns ollos claros que evidencian intelixencia. O seu sorriso achega sosego, confianza e amabilidade. A pesar da hora, Mara atendeu a nosa entrevista cun sorriso e coa tenrura propia dunha amiga que quere axudar.

A que se dedica a Neurobioloxía?

É a ciencia que estuda as células do sistema nervioso e como se organizan en circuitos funcionais, como procesan información e como se comportan.

En que estás traballando na actualidade?

Neste momento estamos traballando para mellorar a vida de persoas con Síndrome de Down. O noso proxecto baséase-

se nos beneficios do té verde, que non é unha cura, pero si que pode achegar importantes vantaxes.

Como observas o rol da muller na ciencia?

Por desgraza ser muller segue sendo un obstáculo. Aínda que as bases sexan femininas, o home segue tendo o poder de decisión última. Penso que aínda hai moito estereotipo e que é necesario que se apoie a mobilidade da muller e que non se penalice a maternidade.

Na túa intervención falabas da necesidade de cambiar o modelo educativo. Se tiveses o poder de facelo, que cambios introducirías?

Debemos deixar de lado os deberes e potenciar máis a creatividade. O alumnado debe ter liberdade para levantarse, sentarse, participar.

Christian Escuredo: o soño feito realidade

Christian Escuredo é un orgullo para o Martaguisela. Desde ben cedo este alumno sorrinte e alegre amosou cualidades especiais para a música. Alba, a súa profesora, contounos que ela sabía que Christian ía lograr o éxito no escenario, porque estaba feito de materia artística. Desde pequeno sentía a música e a interpretación como parte da súa vida.

Hoxe, uns cantos anos despois, Christian regresa ó Martaguisela moito máis alto, máis maior, pero co mesmo sorriso e coa mesma alegría de sempre. Ademais, regresa sabendo que cumpriu o seu soño, xa que hoxe por hoxe Christian Escuredo é un actor de éxito. É un dos protagonistas do musical *Priscilla, raíña do deserto*, un dos máis aplaudidos do momento; e acaba de estrear o filme *A pesar de todo, quérote*.

Pero Christian é moito máis que un rapaz mozo que triunfa nos escenarios. Ás súas costas hai moita formación académica, así que o seu éxito é froito de moito estudo e esforzo, ademais, por suposto, dunhas cualidades innatas innegables. Por iso, a sociedade quixo premialo co Gran Premio de España 2015 pola súa ache-ga como pedagogo teatral.

É unha tarde de inverno fría e chuviosa, pero Christian tras-pasa as portas do Martaguisela con ilusión, coma un neno de primeiro de ESO. Está contento, nótaselle. Regresa a Valdeorras para presentar a súa última película e quere facelo tamén no seu antigo instituto, ante os alumnos e alumnas de ESO e Bacharelato.

Tomamos un café, falamos da súa vida, e facémolle unha pequena entrevista. Foi un pracer coñecerte, porque es un



Christian á entrada do IES Martaguisela

exemplo para as xeracións que aínda están decidindo que van facer da súa vida. VOLVE CANDO QUEIRAS, CHRISTIAN. ESTA É A TÚA CASA.

Cales son os teus recordos do teu paso polo IES Martaguisela?

Moi duros (risas), pero o paso polo instituto penso que estivo ben aproveitado, sobre todo na materia de Música. Naquel intre compaxinaba o conservatorio de guitarra co Bacharelato de Ciencias da Saúde, un itinerario que non tiña moita relación coas miñas expectativas de "futuro". Unha magoa que a opción do Bacharelato de Artes Escénicas non se contemplara daquela, nin se contemple na actualidade.

Por favor, para motivar ao alumnado. Resúmenos como decidiches loitar polo teu soño a pesar de ter, seguramente, elementos en contra

Eu sempre tiven moi claro que o meu futuro estaría ligado ao mundo das artes escénicas (aínda que a priori foi a música) coa educación. Así que por moito que me puideran insistir (profesorado, familiares, amigos ou descoñecidos) para desviar os meus intereses, sempre fun fiel a min mesmo, e sempre seguíu buscando, estudando e traballando para dedicarme ao que me fai sentirme pleno.

Que é o máis duro e o máis maravilloso da túa profesión?

O máis duro é ter que sentir a aprobación constante e someterte a diferentes opinións na maioría das veces que optas a un traballo, concretamente a un papel, tanto de teatro, coma de cine ou televisión. O máis maravilloso son os minutos de gloria onde interpretas a outro que non es ti, pero tamén na preparación, cando investigas para compoñer un personaxe e a súa historia, e por suposto, cando compartes o aprendido.

Como foi medrando a túa carreira artística? E *¿Priscilla, o musical*, supuxo un antes e un despois?

Como dicía, ao principio comecei no mundo da música. Tiña moitas ganas de expresar, neste caso xurdiu cantando, pero foi un tempo para coñecerme e darme conta de que iso non era todo. Esta etapa axudoume a concretar aquilo que realmen-



Christian Escuredo no musical *Priscilla, raíña do deserto*

te buscaba: ser actor. Así que despois de estudar educación musical na Universidad de Valladolid, licencieme en interpretación textual na Escola Superior de Arte Dramática; e, mentres traballaba, fixen un posgrado en Pedagogía teatral na Universidade de Vigo.

Priscilla é outra oportunidade para seguir medrando como actor. Certo é que me está dando bastante popularidade por ser un dos protagonistas dun musical de éxito, pero asumo esta repercusión como unha oportunidade para que se me coñeza como o actor versátil e traballador que me considero.

Que consello lles darías aos rapaces que están agora en 2.º de Bacharelato e que teñen que decidir o seu futuro?

Penso que o máis importante é ser fiel a un mesmo, aos teus gustos e ás túas ideas, e non guiarse por profesións ben pagadas se non te ves exercendo nelas, por moito que che insistan. Entendo que a algúns lles provoque algo de angustia verse proxectado nun futuro sendo tan novo, pero quizais lles tranquilice pensar que os primeiros estudos universitarios serven para coñecerse e ir atopando o camiño. Cada persoa

necesita o seu tempo e o seu espazo, sen presións, e vivindo a vida como unha aventura, porque diso se trata, de descubrir e de aprender, e tamén de compartir.

E falando de futuro, ¿como te ves dentro duns anos?

Espero que con saúde, ben acompañado, e gozando do meu traballo.

Contemplas a opción de marchar ao estranxeiro?

Non o descarto, pero de momento non se deu a oportunidade.

Pregunta de escolla simple:

- Cine/teatro/música= todas estas opcións son campo do meu traballo, non podo discriminalas... benvidas todas!

- España/Hollywood= calquera das dúas, sempre que me dean a oportunidade de crear un personaxe cunha historia interesante que contar.

- Clásica/heavy metal/pop = depende do momento.

- Carne/peixe = son de boa boca.

- Montaña/mar = gozo de ambas as dúas por igual.

Christian Escuredo - christianescuredo.com - @chesuredo [twitter/instagram] - facebook.com/christianescuredo

Unha etapa de aventuras

Carla I. Nielsen Leveque (Auxiliar de conversa en lingua inglesa)

¿Que podo dicir sobre o meu tempo aquí en España?

Ao comezo estaba moi nerviosa. Non sabía que era o que me agardaba. Subin no avión sabendo dúas cousas: a primeira, que estaba a punto de deixar atrás todo o que coñezo familia, amigos, a comida picante de Novo México... para enfrontarme a unha nova cultura. A segunda cousa que tiña clara era que me embarcaba na maior aventura da miña vida.

Nunca oíra falar do Barco de Valdeorras. Non esperaba tanta choiva nin mañás tan xeadas, pero tamén é certo que nunca puiden imaxinar un lugar mellor que o IES Martaguisela para iniciar a miña experiencia como auxiliar de conversa en Inglés.

Quixera dar as grazas ao estudiantado do Martaguisela por tantos momentos divertidos. Grazas por ser tamén os meus profesores e ensinárame a dicir "churri", "guay", "mola". Grazas ao profesorado por axudarme en todo momento. Grazas ao centro por facerme sentir coma na miña propia casa e por convertervos na miña nova familia.

Só espero que vós tamén puiderades aprender de min tanto coma eu aprendín de vós durante este curso. Isto, sen dúbida, foi a gran AVENTURA da miña vida.

Deséxovos de corazón todo o mellor para os próximos anos. Moita sorte aos que rematades este curso. Oxalá atopedes tamén a vosa gran AVENTURA algún día.



Autorretrato de Carla

Graciñas polo vivido xuntos

Marta Fueyo (exprofesora de Francés do noso Instituto)

Recoñezo que cando souben que o meu destino definitivo sería O Barco de Valdeorras chorei... Non coñecía o lugar, pero imaxinábao moi diferente á mariña lucense na que levaba xa traballando varios anos. Foi no mes de setembro cando, en plenas festas, me acheguei ó Barco para instalarme de xeito definitivo. Os comezos non foron sinxelos: lonxe quedaba a familia e os amigos. O certo é que tardei bastante en acostumar ao clima.

A miña chegada ás aulas foi difícil, tanto para min como o alumnado. Tardamos en afacernos os uns aos outros. Pero ó pouco tempo fun descubrindo que esta etapa estaba a me ofrecer alegrías inesperadas. Pouco a pouco funme sentindo mellor, tamén nas miñas clases, grazas ao alumnado e aos compañeiros.

Hoxe, lembrando aqueles anos, teño que recoñecer que aínda sinto morriña pola xente que foi quedando atrás e que deixou a súa pegada en min. Espero ter deixado eu tamén o meu pequeno gran de area nese recuncho da provincia de Ourense que nunca esqueceré.

Vémonos sempre nas Covas con Los Brothers e co noso guía-gran amigo, Eduardo.





Leticia Costas: unha escritora de éxito

Alumnado de 3.º ESO

Este curso 2015-2016 visitounos a escritora viguesa Leticia Costas. Esta galega gañadora do Premio Nacional de Literatura Infantil e xuvenil veu falar-nos da súas novelas.

Foi moi entretido escoitar como, cando tan só tiña trece anos, inspirándose nos mozos da súa cidade e tamén na súa novela favorita (*Rebeldes*, de Susan Hinton), escribe o seu primeiro libro titulado *Unha estrela no vento*. Esta

novela era a nosa lectura obrigatoria e tivo unha boa aceptación.

No seu paso por este centro invitounos a ler a novela que tanto lle gustara de nena e que tanto a marcou na súa forma de escribir: *Rebeldes*. A profesora de Lingua castelá e Literatura animouse a poñerla como lectura obrigatoria do terceiro trimestre. Así puidemos comprender por que lle gustara tanto.

Dous refuxiados no grupo de teatro

Marta Cortés



Chakib é un rapaz duns quince anos. Leva o cabelo moi curto, agochado permanentemente baixo a carapucha do suadeiro. Non é alto nin baixo para á súa idade, nin demasiado forte. Os ollos grandes e abertísimos semellan non pechar nunca. A Chakib gústalle xogar ó fútbol. Repite sen descanso un ritual de toques continuados co balón no pé que simultanea cunha sucesión de números recitados en voz alta. Como nunca lle parecen suficientes números volve empezar. E así un día e outro...



Shirin é a amiga inseparábel de Chaquib. Ten a súa mesma idade e tamén ten o pelo moi curto. Súa nai tivo que raparllo, e dende entón pasou tres meses sen dar palabra a ninguén ata que coñeceu a Chakib. A Shirin gústalle ver como a xente corre e se dispersa cando empeza a chover inesperadamente e aínda lle gusta máis cantalo. Quere ser escritora. Andan sempre con ela un lapis e un caderno no que anota tres frases cada día, máis os totais dos toques de Chakib co balón.

Ambos malviven nun campo de refuxiados, dá igual que campo, todos adoecen do mesmo, do esencial. Dá igual canto tempo leven, un só día pode ser eterno medido en toques de balón e coa absoluta certeza de seguir contándoos ó espertar da mañá seguinte.

Poderían ser calquera deses rapaces que tanto vemos nos telexornais, obrigados a deixar o pouco que tiñan para embarcarse nunha sorte de desventuradas vacacións forzosas nas que periga a súa vida e mais a da súa familia a cada minuto, ata chegar, como é o caso, a un campo de refuxiados. E vivir para cantalo. Nada máis nin nada menos por ter nacido no lugar equivocado.

Unha tarde falelles deles aos alumnos e alumnas do taller de teatro. Amosaron un interese inmediato e quixeron coñecerlos. Tiñan de fronte a dous mozos coma eles, atopáronse con eses ollos en chamas coa mirada perdida, souberon dos seus sonhos frustrados, dos seus medos alimentados cada noite polos berros secos e entrecortados dos familiares que non dormen porque recordan o camiño e o que deixaron nel. Faláronlles da desconfianza nos seus semellantes, dá dor, da senazón... e do único que lles permite andar de pé: o amor que senten o un polo outro.

Daquela xa todos nos puxeramos no seu lugar e fixémoslo moitas veces, en ningunha delas faltou a emoción profunda e sentida.

Chakib e Shirin chegaron a nós como personaxes pero quedaron en nós como persoas, axudándonos a facer do mundo un lugar menos duro, máis humano, sementando consciencias e levando un chisco de esperanza á comprometida existencia de tantos seres humanos.

Grazas Teatro de novo.

O grupo de Teatro do IES Martaguisela representou a obra *Soños* o 29 de abril de 2016 nun acto solidario recaudando fondos para axuda de refuxiados-ACNUR.

“Tamén eles, os nenos, saben do mar, sen telo visto nunca”

(Antoni Benaiges: *O mestre que prometeu o mar*)

José María Rodríguez Ramos (Membro do Club de lectura e ex-alumno do IES Martaguisela)

O primeiro recordo que teño sobre os libros é dunha tarde calorosa de verán cando, medio durmido, ollaba unha novela do oeste de Estefanía, non recordo o título, pero dá igual. Achegouse a min un home enfundado nun mono de albanel e díxome “neno, que les? Ensineille a novela e díxome: “Se ma dás mañá, tráioche un libro”. Ao día seguinte tiña nas miñas mans: *Cinco semanas en globo*. O señor Trigo, que fermoso nome!, así se chamaba o albanel, cambiou a miña vida polo feito de afeccionarme á lectura.

Moitos anos despois, esa afección esmorecía por culpa dun traballo que me obrigaba a ler informes, actas e oficios dunha tremebunda prosa que se dá na administración.

Tiña que ser o club de lectura do IES Martaguisela o que me rescata- ra outra vez para a lectura. O 10 de outubro de 2010 volví a impoñerme o costume de ler da man de Don Fabrizio que despertou en min *O Gatopardo* lector que levo dentro.

Dende hai cinco anos, a libro por mes, lendo febrilmente as fins de semana, antes do día da reunión

dos lectores, nos meus miolos entran os personaxes doutras vidas e outras épocas: un *Pedro Páramo* que non tiña *O corazón tan branco* porque se sentía culpable por *Matar un reiseñor* nunha *Primavera con esquina rota* diante da *Mennulara*; Pedro sentíase como a *mala xente que camiña* para terminar meténdose no *Buraco de Helman*, golpeado por unha fina *Choiva Amarela* nun *Longo Adeus* esperando unha *Purga*.

Perdón, pero cando divago, pásome, en realidade o que quero é dar as grazas a todos os compañeiros do club que mes a mes me fan crecer cando as opinións sobre o libro lido chocan coas miñas. Que sería de nós sen tardes como esas, e iso que eu tamén teño Cine Club.

Unhas letras con outras fan palabras, con outras chega a frase que con outras xuntan un capítulo, varios encadernados compoñen un libro. Ábreo, empeza a ler e dálle liberdade á túa imaxinación e voa cara ao seguinte título. Faino con nós, no noso club, non te arrepentirás. Prométocho.



Que medo pasamos con Raquel Queizás!!

ALUMNADO DE 1.º ESO

O Departamento de Lingua castelá e Literatura trouxo á actriz Raquel Queizás. Cando pasamos ao salón de actos todo estaba escuro... Situámonos sentados no chan do escenario, en medio daquel ambiente de terror...

Foron dous os relatos que Raquel elixiu para facernos pasar moito medo: *La pata de mono* de W.W. Jacobs e *El almohadón de plumas* de Horacio Quiroga.

A representación foi moi participativa. Algúns de nós saímos a actuar con ela para representar a diferentes personaxes.

Foi emocionante, porque eses dous relatos xa os leramos na clase e encantáronnos. Tanto nos gustou a literatura de terror, que este terceiro trimestre lemos *Frankenstein* de Mary Shelly.



Tempus fugit

Departamento de Orientación



"Tempus fugit"!!, dicían aqueles sabios de Roma. E canta razón tiñan! Xa pasou un ano desde a anterior *Saldoira*, onde o persoal da unidade específica de educación especial nos falaba de como era o mundo deste alumno que vén de estar escolarizado connosco durante seis cursos académicos. Acabados de cumprir os vinte e un anos a súa estancia no centro toca ao seu fin e, como non podía ser menos, desde o Departamento de orientación queremos renderlle unha humildísima homenaxe.

Cada ser humano -dicía o mestre Galeano- ten no seu interior un lume que achega luz e calor a quen o rodea. Isto é certo tamén neste caso. Pero ese lume só se percibe se te achegas con disposición de aprender e agradecer o que se che ofrece.


Por isto desexo agora falar do que aprendemos desta experiencia e tamén de Diego. O valor infinito e insubstituíble de cada vida, do amor incondicional duns pais polo seu fillo, da felicidade

que nace dos momentos máis básicos e sinxelos do día a día. Aí estaban tamén a loita vitoriosa contra o desánimo e a forza da aceptación das nosas circunstancias.

E a homenaxe non estaría completa sen os agradecementos. En primeiro lugar, ao profesorado e coidadoras que durante estes anos traballaron na aula, con moreas de paciencia, creatividade e bo humor. A eses pais, fortes e valentes, colaboradores e comprometidos cen por cen co seu fillo. E ao noso alumno, Diego, porque vivimos xuntos momentos felices, divertidos, tensos e intensos, aburridos e emocionantes, como ocorre sempre cando traballas con persoas.

Só unha lembranza fugaz -non é este o momento para máis- a quen non axudou, se desentendeu, non entendeu ou obstaculizou. Tamén disto aprendemos .

A Diego e aos seus pais e a todos e todas vós, desexámosvos que poidades sacarlle o máximo goce ás vosas vidas. "CARPE DIEM"!



As nosas maquetas de invertebrados

Alumnado de 1.º ESO

Este ano, na materia de Ciencias Naturais, fixemos unhas maquetas de animais invertebrados, seguindo as instrucións da nosa profesora Belén. Pareceunos unha grande idea.

A maqueta tiña que ser o máis realista posible, de tal xeito que había que aplicar os trazos dos invertebrados que viramos na clase ao noso animal elixido. Non houbo ningún problema porque as ideas estaban moi clariñas.

Podíamos empregar calquera material, desde plastilina ata purpurina de cores. Ademais, o traballo podía ser individual ou colectivo.

O resultado foi espectacular!! Estamos moi orgullosos do traballo realizado. Quedaron moi reais grazas ao noso esforzo e á nosa dedicación.

Adeus "Diver". Benvido "PMAR"?

Departamento de Orientación

No anterior número de *Saldoira* sinalamos brevemente os cambios que traería a aplicación da LOMCE. Neste curso que remata implantáronse os novos currículos en 1.º e 3.º ESO e tamén en 1.º Bacharelato. Dentro da atención á diversidade, comezaron en 3.º ESO os Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento, PMAR para os amigos (e amigas). Estes programas impartíranse en 2.º e 3.º, pero non en 4.º, co cal o alumnado do PMAR deberá escoller entre os dous itinerarios previstos para 4.º con carácter xeral, isto é, ensinanzas aplicadas ou académicas. En consecuencia, alumnado que traballou nun grupo moi reducido, con agrupación e simplificación de materias en ámbitos e metodoloxía específica, irá en 4.º curso da ESO a un grupo que non reunirá esas características. E se, como está previsto na LOMCE,

despois debe superar unha reválida, as posibilidades de titular en ESO... ¿Vostedes que pensan? Como orientadora, considero que as expectativas diminúen considerablemente. Este foi, pois, o último curso do Programa de Diversificación Curricular (PDC), a nosa querida "Diver". Un grupo de oito alumnos e unha alumna despediranse da ESO, pero non necesariamente deste centro. Por isto, hoxe queremos coñecer a súa valoración sobre o que supuxo este Programa para eles, as súas expectativas de futuro e a opinión sobre os cambios da LOMCE. Desde aquí dámoslles as grazas pola súa colaboración, así como a nosa felicitación por ter chegado ata esta meta e os mellores desexos para o seu futuro.

Estas foron as preguntas que lles fixemos:

1. *Como che ían os estudos antes de entrar no Programa de Diversificación Curricular?*
2. *Que expectativas tiñas entón para os teus estudos?*
3. *Que pensaches cando se che propuxo ir ao PDC? ¿Que esperabas conseguir?*
4. *Que aspectos do funcionamento do Programa che axudaron máis?*
5. *Como foi a vosa evolución académica no PDC?*
6. *E a túa evolución persoal?*
7. *Cales son agora os teus plans para o futuro?*
8. *Sabedes que para o curso próximo xa non haberá PDC en 3.º nin en 4.º. Que opinades sobre isto?*

I.R.J.

1. En 1.º curso mal, pero en segundo mellorou bastante.
2. Que intentaría acabar os meus estudos o antes o posible.
3. Que era unha oportunidade que non se podía perder. Esperaba sacar a ESO.
4. Consequín entender mellor Física e Química porque non había tantos alumnos e cho explicaban de xeito máis personalizado.
5. Creo que fun mellorando moito.
6. Como somos tan poucos e os profesores che axudan, vas vendo que poder sacalo mellor.
7. Non sei se facer un Bacharelato ou ir facer un Ciclo formativo.

TAOUFIK

1. Moi mal, non me concentraba en traballar, facía máis o tolo.
2. Cando estaba na clase de apoio sabía me axudaban e se me daban ben algunhas materias. Non pensaba que fose ter a ESO.
3. Pareceume boa idea para que me axudasen máis. Entrei pensando acadar a ESO.
4. Ao ser poucos, entendo mellor o que me explican. Tamén atopei novos compañeiros.
5. Saco mellores notas que antes.
6. Antes sempre tiña conflitos escolares, problemas, metíame cos compañeiros, agora xa non.
7. Se saco a ESO farei un Ciclo de Electricidade. Creo que poderei ter traballo cando o remate.
8. Un cambio que non axudará tanto aos que estean en cuarto da ESO, que non seguirán coa mesma aprendizaxe que tiñan en 3º.

MIRO

1. Mal, estaba nunha mala idade.
2. Pensaba que non ía sacar a ESO.
3. Que sería máis fácil e así aprobaría.
4. Porque é un grupo máis reducido, hai máis horas de clases para as explicacións.
5. Mellorei bastante.
6. Madurei, non sei, son máis adulto.
7. Sacar a ESO, facer algún ciclo formativo.
8. Debería seguir habéndoo para a xente que queira ir.

ANTONIO

1. Bah, en 1.º e 2.º pero logo en 3.º foise complicando e non o daba sacado.
2. Pensaba que era posible sacar a ESO pero que me custaría moito esforzo.
3. Tería máis horas e máis atención en canto ás materias. Esperaba acabar a ESO.
4. Axudome porque hai máis horas, máis atención e a materia está reducida.
5. Foi ben porque saquei boas notas á vez que aprendín moitas cousas.
6. Decateime de que podía aplicarme máis nalgunhas materias como Matemáticas e Física e Química.
7. Seguir estudando ata conseguir o Bacharelato.
8. Paréceume mal porque lles quitarán a posibilidade de acadar a ESO e hai moitas persoas que teñen capacidade para sacala.

GABRIELA


1. En 1.º ben, creo que só suspendín unha. Pero en 2.º xa foi regular.
2. Non sei, non planificara nada.
3. Ao principio pensei: "por que teño que ir?". Pero despois vin que era unha oportunidade porque te axudan bastante, só tes que atender e traballar moito na clase e estudar en casa. Esperaba sacar 3.º e 4.º.
4. As clases son máis fáciles, están como divididas, por exemplo nos Ámbitos. Sen este Programa acabaría ou non 4.º e faría un ciclo en vez do Bacharelato, que é o que me gusta.
5. Foi moi boa, ao principio as notas eran malas, pero logo foron mellorando.
6. Cando estou nun grupo pequeno falo máis porque me sinto máis cómoda.
7. Espero acabar o curso ben e comezar Bacharelato. Creo que será unha nova experiencia pasar dun grupo pequeno e coñecido a un máis grande.
8. Creo que non está ben porque hai alumnos con dificultade para estudar e o programa lles axuda a saber o que queren facer. En 2.º ESO es aínda demasiado novo para sabelo pero cando xa vas en 3.º, reflexionando e falando cos amigos, decides intentar facer o que che gusta. O Bacharelato non será tan difícil se colles o que che gusta e tes unha meta clara.

ÁLEX VILA

1. En 1.º e 2.º as notas ían regular.
2. Pensaba que me ía custar sacar ben a ESO.
3. Que no PDC si que ía lograr o título de ESO.
4. É menos temario e o profesorado tamén te axuda bastante.
5. Sempre fun ben, sempre saquei boas notas.
6. Antes dubidaba das miñas posibilidades, pero agora non, sei que o vou conseguir.
7. Cando acabe a ESO irei a Ponferrada facer un Ciclo de Informática.
8. Paréceme mal porque agora á xente vai custar moito pasar de 3.º a 4.º se teñen dificultades para estudar.



Es capaz de descubrir que profesor/a de 2.º ESO B se agocha detrás de cada cara??



**Día da muller
Homenaxe ás avoas.**



*Avoa Para a Real Academia Galega a avoá
é a muller do caso duro. Para min é a miña
segunda nai, a que sempre me coñeceu como a miña
muller. Ela traballou e por aínda lúxose en coñecemento.
Além de ter as súas cousas boas, dunha nai, non seña, non
se coñece. Ela quíxome nos días malos, incluso cuando me
portaba mal con ela, sen motivo. Ela é a miña deusa.*

*Unha muller é unha muller que
cumpre a súa vida para ser
unha muller. Ela é a miña deusa.*



COURTESA



Os nosos traballos

Refuxiado

...ue debido a unha persecución
...n conflito bélico ou outra,
...que por a súa vida en perigo,
...ntar refuxio no estranxeiro.




Traballos sobre os refuxiados.




DÍA DEL LIBRO 23 de abril

Sempre Sempre recomendamos ler!





Dito e feito!



Moitas grazas á ANPA pola súa colaboración.